

INFORME XURÍDICO

UNIDADE SOLICITANTE:	SERVIZO DE RÉXIME INTERIOR
DATA DA SOLICITUDE:	8 de xuño de 2016.
ASUNTO:	PROPOSTA DE PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS E DE VIXILANCIA DO PARLAMENTO

Vista a proposta de prórroga por un período dun ano, da contratación administrativa de servizos para a xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do Parlamento efectuada polo Servizo de Réxime Interior con data 8 de xuño de 2016, e que se une ao presente informe.

Tendo en conta que tanto na cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas desa contratación, coma no contrato formalizado entre o Parlamento de Galicia e a empresa Segurlem, S.L con data un de xullo de dous mil quince, está prevista a posibilidade de que o contrato poida ser prorrogado pola Mesa do Parlamento ata un máximo dun ano máis, infórmase que a referida prórroga axústase á legalidade vixente, debendo constar no expediente as razóns de interese público que determinan a conveniencia e necesidade de efectuar tal prórroga.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2016

A letrada

María Aneiros González



PARLAMENTO
DE GALICIA

SERVIZO DE RÉXIME INTERIOR

Proposta de prórroga do contrato administrativo para a xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do Parlamento

O 6 de xuño de 2016 a empresa Segurlem, S.L. presentou escrito no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia (registro núm. 51237) solicitando a prórroga do contrato do servizo para a xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do Parlamento de Galicia asinado con data de 1 de xullo de 2016.

A posibilidade da prórroga preveuse expresamente no prego de cláusulas administrativas desta contratación e tívose no seu momento en conta para a elección do procedemento de adxudicación.

A cláusula terceira do contrato prevé que a súa vixencia poderá ser prorrogada polo tempo que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo de outro ano máis.

Dado que a prestación obxecto do contrato se esta realizando pola empresa Segurlem, SL con corrección e normalidade e seguen vixentes tanto a necesidade que se pretendía cubrir co contrato como as razóns de interese público que xustificaron o inicio dese expediente de contratación, proponse á Mesa do Parlamento de Galicia a adopción do seguinte Acordo:

- Autorizar a prórroga do contrato para xestión da protección contra incendios e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia, tanto dos actualmente existentes coma dos que se poidan incorporar no futuro do Parlamento de Galicia, asinado con Segurlem, S.L., ata o 30 de xuño de 2017.

Santiago de Compostela 8 de xuño de 2016.

O xefe do servizo


F. Javier Freire González

SERVIZO DE RÉXIME INTERIOR

Vº e prace
O Letrado Oficial Maior


Xosé Antón Sarmiento Méndez

MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA